

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2014 pola que se convoca un curso monográfico sobre transparencia, goberno aberto e Administración pública.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2014 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración co Valedor do Pobo, un curso monográfico sobre transparencia, goberno aberto e Administración pública, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

O principal obxectivo deste curso é o estudo e análise da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a súa implementación nas administracións públicas.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Quen debe controlar a transparencia?
- O acceso a documentos administrativos nas administracións públicas galegas.
- A publicidade activa na actividade da Administración pública.
- Presente e futuro da transparencia: fortalezas e debilidades da regulación actual.
- Para que serve a transparencia? Desmontando o mito.
- Parlamento galego e transparencia.
- A transparencia no nivel comunitario.
- A simplificación das institucións políticas e administrativas.



3. Destinatarios.

Persoal ao servizo das administracións públicas e dos entes institucionais da Comunidade Autónoma, xuristas, universitarios e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Datas: 13 e 14 de novembro de 2014.

Horario:

Día 13 de novembro, das 10.00 ás 14.30 horas e das 16.30 ás 19.30 horas.

Día 14 de novembro, das 9.30 ás 14.30 horas.

Duración: 12 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 11 de novembro de 2014.

Poderá obterse calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41 e 981 54 62 39.

7. Certificado de asistencia.

Ao final do curso entregarase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización e o selo oficial da institución.



8. Modificacións e incidencias.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a facultade de cancelalo se o número de solicitudes non xustifica a súa realización.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

